

**Revista Escolar** Nº 5 ( 2ª época )  
ANO 2012

# CHORIMA



**CEIP SANTA MARÍA**  
**AS PONTES**

## Índice de contidos

Saúdo da directora.....	1
Que rica a froita! <b>Ed. Infantil</b> .....	2
Visita á RTV local. <b>1º ciclo Ed. Primaria</b> .....	3
Lagoa e areal de Valdoviño. <b>3º Ed. Primaria</b> .....	4
A biblioteca. <b>5º Ed. Primaria</b> .....	6
Creamos. <b>6º Ed. Primaria</b> .....	8
Intercambio con ASPANAES. <b>4º Ed. Primaria</b> .....	10
O recanto de <b>Audición e Linguaxe</b> .....	11
A miña experiencia como auxiliar de conversa.....	12
Os tres porquiños. <b>Dep. Orientación</b> .....	14
Carreira solidaria. <b>Ed. Física</b> .....	16
Dende a <b>ANPA Ponte Romana</b> .....	18
Momentos especiais.....	19

**CEIP SANTA MARÍA**

Teléfono e fax: 981450721

E-mail: [ceip.santamaria.aspontes@edu.xunta.es](mailto:ceip.santamaria.aspontes@edu.xunta.es)

Páxina web: <http://www.edu.xunta.es/centros/ceipsantamariaaspontes>

# EDITORIAL

Este ano teño o pracer de escribir o editorial da nosa Revista Escolar e, a dicir verdade, non sei moi ben como comezar. O que si sei é que poñerei da miña parte todo o necesario para que a nosa **CHORIMA** siga florecendo cada ano na primavera.

Dese florecer sae unha nova portada, adaptada aos novos tempos, pero sen perder o encanto de amosar a todos o noso precioso "cole," ademais de potenciar o protagonismo dos nosos alumnos. Este número chega cargado de ilusión e bos propósitos.

Na miña toma de contacto como directora do centro quero agradecer a todos o esforzo e o empeño que poñedes día a día para que os distintos proxectos que nos propoñemos se realicen, sobre todo, nesta época que se presenta cargada de dificultades.

Mencionar aos meus compañeiros Isa e Pepe que fixeron que a adaptación a un novo Equipo Directivo se levara a cabo sempre nun clima de entusiasmo, colaboración e comprensión.

E non quero rematar este editorial sen ter un recordo moi especial por todo o que compartín e me ensinaron dous grandes pilares do *Santa María* e de *Chorima*, Coché e Conchita.

A todos, de verdade, moitas grazas e moito ánimo para seguir traballando e axudar a que a nosa flor do toxo siga aparecendo na primavera.

Esperanza

QUE RICA A FROITA!

Este curso no cole déronnos a probar froita variada.



Comemos nésperas, que tiñan unha semente moi peculiar.

Tamén probamos o melón. Canta auga tiña!



E a nectarina estaba riquísima



A experiencia foi moi divertida e esperamos repetila o próximo curso.

## Visita á Radiotelevisión local



Os nenos e as nenas de 1.º e 2.º de primaria visitamos a Radiotelevisión local. Alí vimos a sala de control, a sala de publicidade, o estudio da radio e máis o da televisión. Pasámolo xenial!



- Cal é o deporte que máis che gusta?
- O fútbol.
- Cantos goles metiches?
- No partido do martes, metín un.

Xoel entrevista a Alejandro

- Que é o que máis che gusta do colexio?
- O recreo e música.
- Gustache ler contos?
- Sí, de aventuras.



Sara entrevista a Ana.


# UNHA VISITA Á LAGOA E AREAL DE VALDOVIÑO




Os alumnos do 2.º ciclo de EP comezamos o curso 2011-2012 cunha preciosa excursión á Lagoa e Areal de Valdoviño.

Esta lagoa é un **espazo natural protexido** debido á grande cantidade de aves que viven aquí todo o ano ou que descansan nas súas longas migracións. Os censos falan de que 15.000 aves habitan este lugar. Está alimentada polas augas de dous ríos e comunicada co mar a través dunha canle polo que presenta unha salinidade variable segundo a época do ano e as mareas.

Poidemo observar a simple vista ou con prismáticos **aves** como **ceretas**, **corvos marinos**, **galindas roxas**, **pato**,... nadando, pescando sumerxidos nas súas augas, voando sobre elas ou agachados entre a vexetación abondosa da súa marxe.





Entre esta **vegetación** destacan os **amenéiros**, **solgueiros** e **canabeiras**.



Despois de avistar as **aves** e de examinar a **flora** tivemos tempo para tomar o bocadillo de media mañá.



No areal comprobamos que sobre as dunas viven numerosas plantas como "o **cando da ribeira**" coas súas fermosas flores violetas ou "o **fo de praia**" que estende unhas longas raíces para poder chegar á auga baixo a **duna**.



Pasamos unha maravillosa mañá neste fermoso lugar.

Ata a próxima!



# A BIBLIOTECA

Un ano máis, as alumnas e alumnos de 5º de educación primaria, participamos nas distintas actividades organizadas dende a biblioteca do noso centro. Aquí vos deixamos unhas imaxes dos momentos máis significativos:



O 2 de decembro comezaron de novo a súa andaina as mochilas viaxeiras. Cada sete días foi levada por distintos compañeiros de viaxe.



Contido da mochila


O noso centro festexou o **DÍA DA BIBLIOTECA** con diversas actividades.

O alumnado de 5º e 6º escolleu distintos libros na biblioteca, sendo asesorados, como non, pola nosa mascota Lili. Despois foron polas aulas de educación infantil e primeiro ciclo de educación primaria lendo aos nenos e nenas libros tan interesantes e entretidos como *Unha pantasma con asma* e *A casa da mosca chosca*, entre outros. Mirade o ben que o pasamos!



O día 23 de abril levouse a cabo un programa de actividades para fomentar a lectura e acercar o alumnado ao mundo do libro.

O centro de interese foi "**Libros que deixaron pegada**".



Fixemos cada un unha pegada co noso libro favorito e logo seguímolos para que nos levaran á exposición.



Tamén os nosos mestres expuxeron os libros que lles deixaron pegada.



Asistimos a diversas animacións. Achegáronse á biblioteca Carmen Cabarcos e Xosé Felpeto, ambos os dous membros do grupo local **Quemaisten Teatro**. Con eles comentamos lecturas de diversos libros de Álvaro Cunqueiro.

Contamos ademais coa animación dun pai dunha alumna, que nos narrou como Sherlock Holmes utilizaba a dedución para resolver os casos máis intrigantes e sorprendentes.



## CREAMOS



A capacidade de apreciar a beleza que hai ao noso redor pode ser potenciada desde o traballo plástico que facemos no colexio. Ademais de tratar aspectos técnicos como poden ser a teoría da cor, o reparto do espazo, o sombreado ou a perspectiva, abordamos diferentes formas de expresión e distintas correntes pictóricas tratando de estimular a nosa sensibilidade artística.



Variacións sobre unha obra de Kandinsky



Carteis



Reproduccións de grandes pintores



## CREAMOS



A capacidade de apreciar a beleza que hai ao noso redor pode ser potenciada desde o traballo plástico que facemos no colexio. Ademais de tratar aspectos técnicos como poden ser a teoría da cor, o reparto do espazo, o sombreado ou a perspectiva, abordamos diferentes formas de expresión e distintas correntes pictóricas tratando de estimular a nosa sensibilidade artística.



Variacións sobre unha obra de Kandinsky




Carteis



Reproducións de grandes pintores






**Recreación da realidade**



**Un lugar da localidade**

# INTERCAMBIO CON ASPANAES




A finais do mes de maio, os alumnos de 4º de primaria fixemos un intercambio con nenos de ASPANAES. Primeiro viñeron eles visitarnos a nós e, uns días máis tarde, devolvémoslles a visita.

Foi unha experiencia inesquecible a que tivemos con estes nenos autistas; comprendemos moi ben que son nenos coma nós, só que lles leva máis tempo aprender as cousas.

Cando estivemos no seu centro, vimos que eles entenden moi ben cando as cousas se lles explican con fotos, imaxes, debuxos... e que hai que falarlles amodo para que nos poidan entender.

Estivemos xogando con eles a saltar, coa pelota, a correr... Pasámolo moi ben porque a todos os nenos do mundo o que máis nos gusta é xogar.

O RECANTO DE AUDIÇÃO E LINGUAXE



OS ALUMN@S DE ED. INFANTIL (4 e 5 anos), e os de 1º e 2º de ED. PRIMARIA

## My experience as Auxiliar de Conversa at

### CEIP Santa María



*My eight months at CEIP Santa María have been nothing short of outstanding. Having never worked with children of this age, I was as new to being a primary school teacher as the three year olds were to school. But everyone at Santa María, from educación infantil to sexto to the teachers welcomed me warmly, and I became a part of the school community quickly. In the 2011-*

*2012 school year, we've enjoyed books, projects, games and activities in the classroom, and festivals and celebrations outside of school. I've learned a ton from the students and from my fellow teachers, especially Teba, who is a talented and valuable asset to the school.*

*After such a positive experience, it was an easy decision to renew my grant and request to be placed in As Pontes again. I look forward to returning to Santa María and building on the foundations that we've laid this year.*

*Thank you to the faculty and students of this wonderful school for making these months in As Pontes some of the best of my life. See you all next year!*

*Fondly,*

*Zack Mirman*

## A miña experiencia como Auxiliar de Conversa no CEIP Santa María



Os meus oito meses no CEIP Santa María foron nada menos que excepcionais. Nunca traballara con nenos destas idades, entón eu era tan novo como profesor de primaria coma os nenos de tres anos como alumnos. Pero a xente do Santa María, desde educación

infantil ata sexto, e tamén o profesorado, déronme a benvida calurosamente, e entrei na comunidade do colexio rapidamente. No curso 2011-2012, fixemos libros, proxectos, xogos e actividades na clase, así como festas, celebracións e actuacións fóra do colexio. Aprendín unha tonelada, tanto do alumnado como do profesorado e da dirección. Aprendín especialmente de Teba, que é moi talentosa e de gran valor para o colexio.

Despois dunha experiencia tan positiva, foi unha decisión fácil renovar a miña beca e solicitar praza nas Pontes de novo. Teño moitas ganas de volver e continuar o traballo deste curso.

Moitas grazas ao profesorado e aos nen@s deste fermoso colexio por facer que estes meses nas Pontes foran dos mellores da miña vida. Deica o ano que vén!

Con cariño,

Zack Mirman




## OS TRES PORQUIÑOS

o pasado 16 de marzo recibimos aos alumnos da **Escola Infantil A BAROSA** para a visita guiada por todas as instalacións do colexio, cunha parada importante no patio e nas aulas de infantil.



Despois de días de ensaio, atrezzo e dedicación por parte dos alumnos e alumnas de 6º, o conto de **OS TRES PORQUIÑOS** encheu todo o aforo da biblioteca.



Grazas polo seu esforzo a Nathaly, Luis, María, Alba, Eloy e Cintia, xunto con Natalia, a mestra de Audición e Linguaxe que estivo con nós durante os dous primeiros trimestres. Rematamos a función cunha canción.



## CARREIRA SOLIDARIA

Este ano no Día da Paz, ademais doutras moitas actividades, decidiuse colaborar coa ONG *Save the Children*, que axuda aos nenos da República Democrática do Congo.

Fixemos unha carreira na que se recadaron case 1300 euros, aportados polos diversos patrocinadores que tiveron os alumnos (familiares, amigos...).



Dita cantidade entregóuselle nun acto simbólico á directora da sucursal do Banco Santander das Pontes, para posteriormente enviala a *Save the Children*.



Dicir que resultou unha actividade moi solidaria e á súa vez moi enriquecedora, onde os nenos e nenas participaron con grande ilusión e interese.



## DENDE A ANPA “PONTE ROMANA”

Dende a ANPA de Santa María tamén despedimos un curso cheo de actividades, eventos e ilusións.

Celebramos festas tradicionais como o *Magosto*, o *Nadal* e o *Entroido*. Organizamos e axudamos economicamente en actividades como pintura, teatro, inglés oral, kick-boxing, karate ou piscina.



Participamos en eventos deportivos como a *Carreira de San Xosé*, a *I Carreira de Cross de A Fraga*, o torneo 3x3 de baloncesto, as *Olimpiadas de Atletismo* e a *liga local de fútbol sala*, sendo nesta os campións nas categorías alevín, benxamín e prebenxamín. Como consecuencia destes bos resultados, os alevíns e os benxamíns pasaron a xogar a *Fase Intercomarcal de fútbol sala*, facendo tamén un moi bo papel dentro das nosas posibilidades, considerando que xogabamos contra clubs con máis adestramento.

Realizamos tamén unha viaxe para desfrutar dun partido de baloncesto do Breogán. Así mesmo, celebramos o **Maratón de pais, nais e mestres** na modalidade de fútbol sala, quedando campión por 5ª vez o equipo masculino e cun moi bo papel das nais; destacamos principalmente a deportividade e o “moi bo rolo” dos nosos equipos. E, como non, desfrutamos coma pequenos coa celebración do **II Memorial Manolo Rivas** de fútbol Sala (Maratón de Nenos).


Aproveitamos para recordarvos o importante labor que realiza a ANPA no transcurso do curso escolar, realizando actividades que complementan a formación dos nosos nenos e tamén fomentando a práctica do deporte que tantos beneficios lles reporta, así como para agradecer vos de todo corazón a vosa confianza e a vosa colaboración.

Vémonos o curso que vén.

**BO VERÁN!!!**




# MOMENTOS ESPECIAIS






Todo evoluciona co tempo, a nosa CHORIMA tamén.


Observa:




1982




1983




1984




1994



1995



1996



2008

